



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
De Blas Varela, María Esther
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pérez Vázquez, María Consuelo
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Souto García, Raquel

Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
García Cutrín, Francisco Javier
García González, Silvia
Lavilla Beltrán, M. Isela
Pardo Froján, Juan E.
Reboreda Morillo, Susana
Rivo López, Elena
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Fálagan Mota, Jorge
Gómez Rodríguez, Alma Mª
Lorenzo Rodríguez, Mª Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
Torres Outón, Sara Mª

ESTUDANTES

Cambón Periscal, Ana
Moldes Pita, Óscar
Padilha Gómez, Iago
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Estévez Orge, Marcos
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

González de Prado, Begoña
Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Beatriz Gómez Fariñas
Ferro Soto, Carlos
Garrote Velasco, Gil
Picos Martín, Juan

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 21 de xaneiro de 2019, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:30 h do día **22 de xaneiro de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da correspondente á sesión ordinaria do 12 de decembro de 2018.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Sr. Reitor.

O Sr. Reitor comeza informado dos seguintes asuntos:

- Vai haber unha sesión do Claustro en Ourense o día 6 de febreiro.
- Publicarase proximamente unha nota técnica sobre as comisións de servizo, incluíndo certas variacións orzamentarias (dietas por aloxamento, excepcións etc.).
- Estase a traballar na idea de peche de centros en agosto, haberá xuntanzas cos equipos directivos. Trátase de racionalizar custos e datas de vacacións. Pecharase arredor de dúas semanas.
- Estase a traballar no calendario académico común para as tres universidades do SUG.
- Publicouse a OPE do PDI e do PAS. Na do PDI serán 24 prazas de titular e de catedrático. As prazas están informadas positivamente por Facenda.
- Temos unha iniciativa en marcha para atraer estudantes asiáticos (India, Malaisia, Camboia...).
- Agradece ao profesor Salustiano Mato a charla sobre os sexenios de transferencia e o traballo prestado polos servizos. Asemade, agradece a paciencia dos investigadores. Non foi necesario implantar medidas excepcionais debido á ampliación do prazo. Traballárase ao longo deste ano para que a próxima convocatoria non presente problemas.
- Estamos a piques de presentar un convenio co Banco de Santander, sobre certas achegas relacionadas cos estudantes e a transferencia.

- Creación do observatorio eólico de Galicia, en colaboración con dúas fundacións privadas (dirixido polo profesor Javier Simón).
- Celebrouse o pleno do Consello da Cultura Galega. Agradece o labor de Anxo Angueira e de Carmen García Mateo (representante da UVigo).
- Subliña a importancia do grupo de Fernando Aguado no eido dos satélites (co lanzamento do Satélite Lume I).
- Segundo proxecto H2020 sobre temas agroalimentarios (David Fdez. Calviño).
- Estamos no proceso de contratación de técnicos de I+D.
- Agradece aos servizos e profesores implicados nos equipamentos de enxeñaría aeroespacial, que xa están situados no Campus de Ourense, sen perder cartos.
- Informa de certas novas sobre a creación dunha nova universidade en Galiza (a Universidade Internacional da Empresa, como universidade privada). No portal de transparencia da Xunta de Galicia figura a chamada a consulta pública sobre a lei que o permite. Dá lectura a algúns aspectos desta lei.
- O 27 de decembro tivo lugar en Ourense o pleno do Consello Social, onde foron aprobados os orzamentos.
- A conselleira de Educación visitou o Campus de Vigo e visitará o CITACA no Campus de Ourense. A impresión foi positiva. Visitou varios centros de investigación (ECIMAT, ATLANTIC, CIMBIO etc.), así como o Edificio Faraday, que poderá estar listo antes do que se pensaba (posiblemente, no 2021).

Non hai intervencións.

3. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2020/2021.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen procede a expoñer o calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2020/2021, segundo a documentación que foi achegada xunto coa convocatoria, tras ser aprobada pola COAP. Comeza con unha consideración xeral sobre os catro puntos da orde do día de profesorado, indicando que se adiantaron respecto de anos anteriores para facilitar a resolución dos concursos de profesorado no mes de xullo. Por isto, a COAP celebrouse no día de onte.

En canto a este punto trátase de establecer o calendario aludido no punto, moi semellante ao de anos anteriores, con cambios menores, salvo dous: inclúese que a modificación de plans de estudo só é posible cando o plan está implantado completamente; e engádesse unha referencia ao acordo de 20 de marzo de 2017 entre a Consellería de Educación e as tres universidades, que impoñe determinadas condicións e requisitos a ter en conta. Asemade, foi enviada algunha modificación da normativa polo servizo competente, puramente técnica, por exemplo, respecto ao cambio da dirección electrónica de notificación e outra respecto á tramitación. Só se poderán pedir modificacións de graos, non novos títulos. Poderanse pedir novas titulacións de máster e doutoramento.

Non hai intervencións.

Apróbanse por asentimento (**Anexo I**).

4. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2019/2020 e dos criterios de puntuación.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen explica as modificacións introducidas na convocatoria de anos sabáticos para o curso 2019/2020 e nos criterios de puntuación, que se axuntaron coa presente convocatoria. A normativa é semellante á de anos anteriores, a causa do regulamento vixente de profesorado. Está aprobada na mesa de negociación. As modificacións principais son a prioridade do profesorado que non tivo sabático, increméntase o peso dos sexenios e se terán en conta os cargos de xestión con máis de dez anos de antigüidade. Asemade, cambiaron os criterios de desempate, favorecendo a quen faga estadías fora da Comunidade Autónoma. A partida prevista é de 50.000 euros.

Non hai intervencións.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, que expoñe os puntos principais da Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado, que foi enviada xunto coa orde do día da reunión. Esta normativa podería parecer radicalmente distinta da anterior, pero é unha falsa imaxe. Na normativa anterior fíxose un intento por reflexar toda a actividade do profesorado. Tentouse de simplificar centrándose nas horas do POD e abrindo unha comisión específica na mesa de negociación. Volveuse a unha normativa centrada nas horas de POD. Os cambios de fondo son: se recoñece a todo o profesorado un máximo de 280 horas de docencia, o que afecta ao cadro xeral de horas e a 286 profesores, dos que 115 cobren a diminución con folgas dos departamentos; nos recoñecementos a táboa practicamente non cambia, salvo que se inclúe ao presidente do Tribunal de Garantías e ao secretario xeral, e os cambios afectan ás horas de titorías. Como cambios menores: varía o establecemento da porcentaxe mínima de dedicación docente e elimínanse certas restricións adicionais relativas por exemplo a TFGs/TFMs. Tróuxose á táboa a atención a estudantes con discapacidade (32 horas). Informouse favorablemente na COAP, pero non se chegou a acordo na mesa de negociación.

D^a Begoña González aclara a postura do seu sindicato a este respecto.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

6. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2019/20.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado para que explique os criterios de elaboración da PDA, aprobados pola COAP e que foron axuntados á orde do día da presente reunión. É un documento baseado nos criterios do ano pasado, aínda que se traballa no establecemento dun cadro de persoal teórico de profesorado de cara ao futuro. Non hai cambios substanciais. En canto a formación da PDA as normas son as mesmas que o curso pasado, salvo modificacións técnicas. En canto á bolsa de centros hai catro cambios básicos: nas prácticas do alumnado, recoñécese o labor de captación de alumnado en función do incremento de estudantes de novo acceso ou nas solicitudes de inscrición na primeira opción, créanse bolsas de puntos para os campus de especialización, e o recoñecemento da xestión do programa de maiores. Non houbo acordo da mesa de negociación.

O Sr. director da Escola de Enxeñaría Informática de Ourense, Francisco Rodríguez, pide aclaración respecto ao TMG, se o cálculo se fai segundo o inicio ou ao final. O Sr. vicerreitor aclara que será o inicial pero se poderá xustificar unha modificación. O Sr. Francisco Rodríguez quere que se valore a consecución de criterios de calidade por parte dos distintos centros. Valora o índice de captación de alumnado, pero entende que os criterios deberían diferir (p. ex. un punto por cada alumno en primeira opción). O Sr. vicerreitor fala da filosofía detrás do concepto do TMG, que se foi pervertindo. Entende que a bolsa podería ir por obxectivos, pero é difícil de regular, aínda que entende que se poden dar 50 puntos polo selo de calidade. A vicerreitora de Estudantes sinala que se barallaron distintos criterios como indicador para valorar a captación do alumnado e móstrase favorable ao criterio apuntado polo Sr. Francisco Rodríguez. A Sra. Susana Reboreda, decana da Facultade de Historia, pon de manifesto a situación de titulacións como a súa, que estiveron nun plan de viabilidade.

Acéptanse as propostas de modificación achegadas polo Sr. director da Escola de Enxeñaría Informática.

Apróbanse por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do teito de horas destinadas a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2019/20.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen pasa a indicar o relativo ao teito de horas destinadas a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2019/20, previamente aprobados pola COAP. Explícase a filosofía xeral do sistema. Se propón manter 13500 horas, semellante á do curso anterior, recoñecendo o mesmo en horas de titorías.

Non hai intervencións.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do Regulamento do Servizo de Publicacións.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación, quen pasa a sinalar os puntos principais do Regulamento, que foi remitido co resto da documentación correspondente á orde do día. Fala da finalidade do servizo, creado no 1993. A normativa estaba obsoleta e debía ser modificada, o que se fixo na correspondente comisión. O Sr. Jorge Bueno aclara como foi a tramitación e certos aspectos das modificacións levadas a cabo. O Sr. reitor indica que o equipo de goberno quere darlle pulo a este servizo e agradece o traballo do director.

Non hai intervencións.

Apróbase por asentimento (**Anexo III**).

9. Renovación, se procede, da composición da Comisión de Publicacións.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación para que indique as persoas elixidas para formar parte da Comisión de Publicacións. Tras aprobar a normativa, procede cambiar a composición da comisión. O alumnado será de doutoramento ou mestrado.

Non hai intervencións.

Apróbase por asentimento.

10. Renovación, se procede, da composición da Comisión de Biblioteca.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación para que indique as persoas elixidas para formar parte da Comisión de Biblioteca. Están representados todos os ámbitos, os campus e o PAS. Foi aprobada na Comisión de Investigación.

A Sra. vicerreitora dá lectura á composición da Comisión.

Adíase o punto para o seguinte CG, porque a composición da comisión non se enviou a todos os membros xunto coa documentación.

11. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na spin-off EM3 Works.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación, quen pasa a expoñer as condicións da participación da UVigo na devandita spin-off. Aclara cal é o proxecto e que está apoiado polo Consello Social.

Non hai intervencións.

Apróbase por asentimento.

12. Renovación, se procede, da composición da Comisión do CACTI.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación para que indique as persoas elixidas para formar parte da Comisión do CACTI. Segundo o Regulamento do CACTI, é necesario renovar. A Sra. vicerreitora dá lectura aos membros da Comisión. Foi aprobada na Comisión de Investigación. Corríxese que Emilia Domínguez González é catedrática, non titular, tras a intervención do Sr. Jorge Falagán.

Non hai intervencións.

Apróbase por asentimento coa modificación indicada.

13. Aprobación, se procede, do reparto da produción de investigación e transferencia do ano 2019.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación e á Sra. vicerreitora de Transferencia, que pasan a expoñer o reparto da produción de investigación e transferencia do ano 2019, que se acompañou coa documentación da presente orde do día. A Sra. Belén Rubio fala dos problemas de tramitación orzamentaria, polos retrasos nos pagos, A proposta é pagar a produción científica para o ano 2019 cos puntos da última avaliación do curso 2015-16, ata recuperar o desfase existente. Aclara o Sr. reitor que isto serve tanto para a produción de investigación como para a de transferencia. Se prevé que cada ano se produza o pagamento no mes de xaneiro para que os cartos se podan gastar de xeito máis eficiente. Trátase de acabar co desfase que temos.

A Sra. Carmen Ruíz pide unha aclaración que corresponde ao punto seguinte da orde do día.

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, das convocatorias de avaliación dos méritos da produción de investigación e de transferencia correspondentes aos anos 2017 e 2018.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación e á Sra. vicerreitora de Transferencia, para que indiquen os puntos máis salientables das convocatorias de avaliación dos méritos da produción de investigación e de transferencia correspondentes aos anos 2017 e 2018, que foron axuntadas á presente convocatoria tras a súa aprobación na Comisión de Investigación. A idea é avaliar os dous anos que levamos de retraso cos mesmos criterios que xa había, ao ter carácter retroactivo. Explica as razóns do retraso, debidas á xestión das reclamacións do ano 2016. Vai estar aberta a aplicación informática dende o 4 de febreiro ata o 3 de maio. As datas son as mesmas para investigación e transferencia.

A Sra. Carmen Ruíz insiste en que a parte xurídico-social queda prexudicada cos criterios manexados na produción científica e de transferencia, e urxe a que se cambien. Píde o compromiso de crear unha comisión que estude o asunto. O Sr. reitor aclara que os cambios non poden ser bruscos e terán que ser previos. Píde á Sra. Carmen Ruíz que faga chegar as súas propostas á Comisión de Investigación. Fala, así mesmo, do recoñecemento da produción científica das mulleres que pasan por un período de lactancia. A Sra. Carmen Ruíz indica que o ámbito xurídico social foi tradicionalmente preterido nesta Universidade. A Sra. Susana Reboreda entende que o ámbito das humanidades tamén está prexudicado e que se debe traballar na Comisión de Investigación. A Sra. vicerreitora de Investigación aclara os esforzos feitos por ambas vicerreitorías, cunha proposta que foi rexeitada, e que os cambios serán introducidos de cara ao futuro. O Sr. Miguel Cuevas insiste nos argumentos da profesora Ruiz, respecto ao ámbito de humanidades, particularmente no eido da transferencia. A Sra. vicerreitora de Transferencia indica que recibirá as propostas. O Sr. Antonio Collazo pide unha aclaración sobre a aplicación informática dispoñible para subir os méritos e se o labor se fai polas unidades de apoio ou polos investigadores. A Sra. vicerreitora procede a aclarar as dúbidas.

Apróbanse por asentimento.

15. Informe sobre a Memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo correspondente ao ano 2017.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, quen pasa a expoñer as liñas principais do devandito informe, que foi enviado aos membros do Consello coa documentación correspondente á presente orde do día. Non se deron cambios significativos no referente a cobertura e aos métodos de valoración aplicados. É un informe denso, que se achegou coa convocatoria. Inclúe, entre outros moitos, datos sobre os premios e distincións recibidos, posición nos ránkings, organismos ou asociacións aos que pertence a UVigo, como é a formación do persoal, bolsas e axudas ao estudo, accións en favor de sensibilización medioambiental, convenios celebrados con axentes sociais etc... A vicerreitora pretende introducir melloras de cara ao futuro no formato e na difusión do documento, dada a importancia deste informe.

Non hai intervencións e non é precisa a aprobación do informe (**Anexo IV**).

16. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de grao e doutoramento.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral, quen informa que o artigo 133 dos Estatutos establece que o Consello de Goberno, a proposta dos centros, poderá outorgar anualmente premios extraordinarios de graduado ou graduada e máster universitario. Tamén dispón, que o Consello de Goberno, a proposta da Comisión de Estudos de Posgrao, pode outorgar anualmente premios

extraordinarios de doutoramento entre os doutores e doutoras que conseguiron no curso académico anterior a máxima cualificación.

De acordo co anterior, sométense á aprobación do Consello de Goberno os premios extraordinarios de fin grao e doutoramento do curso académico 2017/2018, incluídos na documentación que se achegou coa convocatoria da reunión.

O Sr. reitor anima á participación no acto de San Tomé o próximo día 28.

Non hai intervencións.

Apróbanse por asentimento (**Anexo V**).

17.Aprobación, se procede, dos seguintes convenios:– Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a realización da fase de prácticum do Máster Interuniversitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para a educación infantil e primaria – Convenio marco de colaboración entre a UVigo e a Universidade de Brasilia – Convenio específico de colaboración entre a UVigo e a Universidade de Brasilia para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a UVigo e o Instituto Tecnológico de Sonora – Convenio específico de colaboración entre a UVigo e o Instituto Tecnológico de Sonora para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración para a mobilidade dos estudantes entre a UVigo e a Universidad Autónoma de Coahuila – Convenio de colaboración entre a Asociación Executivas de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e Vigo.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen explica que neste punto estase a seguir o mesmo procedemento que en ocasións anteriores, no que se refire á tramitación dos convenios.

Non hai intervencións.

Apróbanse por asentimento os convenios sinalados.

18.Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno.

a. Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante

b. Investigación: 1 estudante

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non procede a votación.

19.Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non procede a votación.

20.Elección dos seguintes membros de representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non procede a votación.

21. Rogos e preguntas.

O Sr. reitor abre a rolda de suxestións e preguntas. O Sr. Carlos Mollinedo pregunta quen é o propietario dos viais do Campus de Pontevedra, en relación co campionato de ciclo cross celebrado na cidade, e que foron ocupados por unha empresa privada antes do evento, coas conseguintes molestias para as persoas usuarias en pleno período de exames. E pregunta quen autorizou diversas actuacións, entre elas a entrada no parking dun edificio do Campus para retirar coches do mesmo, co conseguinte pago dunha multa. O Sr. reitor indica que investigará este asunto e o aclarará no seguinte Consello de Goberno.

A Sra. Mónica Siota pon de manifesto unha queixa sobre a supresión da partida orzamentaria sobre biblioteca. O Sr. reitor aclara que se estudará.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 h do día 22 de xaneiro de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O Reitor

O Secretario Xeral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez